



III CONCURSO DE BOOKTRAILERS

O ENDL do IES Pontepedriña convoca o III Concurso de Booktrailers, un certame de vídeos que ten como obxectivo promover a lectura de libros en galego e a creatividade audiovisual do alumnado. A convocatoria e a resolución deste concurso rexeráse polas seguintes bases:

- 1) O obxectivo do concurso é contribuír á creación e difusión de traballos audiovisuais escolares no ámbito da normalización lingüística e promover a lectura como entretemento entre a mocidade.
- 2) Poderán concursar mozos e mozas de entre 12 e 18 anos de centros educativos sostidos con fondos públicos de toda Galicia.
- 3) Cada alumno ou alumna poderá presentar un máximo de 2 creacións inéditas da súa autoría. En caso de empregar imaxes e/ou música que non sexan propias, deberán estar libres de dereitos de autor ou baixo a licenza Creative Commons.
- 4) Os booktrailers terán como finalidade promocionar calquera libro de lectura escrito en galego ou ben unha tradución ao galego.
- 5) A duración mínima é de 60 segundos e a máxima de 120 segundos.
- 6) Os traballos en soporte dixital (en calquera formato) enviaranse por correo electrónico ao enderezo da biblioteca do centro (bibliotecapontepedrinha@gmail.com). Paralelamente cubrirase unha ficha de inscrición dispoñible na páxina web do IES Pontepedriña.
- 7) O prazo de entrega dos traballos comeza o día 23 de abril e remata o día 17 de maio de 2019.
- 8) Establécense dous premios para cada categoría de participación:
 - 1º premio 150 euros
 - 2º premio 100 eurosCategorías de participación:
 - De 12 a 15 anos
 - De 16 anos a 18 anos
- 9) Na avaliación dos traballos teranse en conta os seguintes criterios: orixinalidade, creatividade, calidade artística, eficacia comunicativa e calidade lingüística.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

IES A Pontepedriña

Av. Amor Ruibal, 28. CP: 15702. Santiago de Compostela
Teléfono: 881 86 71 52. Fax: 881 86 71 59
ies.pontepedrina@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iespontepedrina



- 10) O xurado estará formado por profesorado dos departamentos de Lingua Galega, Artes Plásticas e Música do IES Pontepedriña.
- 11) Os traballos ganadores publicaranse durante a 2ª semana do mes de xuño, na páxina web do instituto, nas nosas redes sociais, no blog do ENDL e nas webs da Xunta de Galicia.
- 12) As persoas participantes no concurso autorizarán a emisión da súa imaxe persoal nos booktrailers e nas accións de difusión derivadas.
- 13) A participación no concurso implica a aceptación destas bases.